

PASARELAS DO RIO MAO

(dende Forcas ata Barxacova)

Descrición:

Achégase o outono, e para despedir o verán de rutas imos a disfrutar dunha increíble paisaxe no corazón da Ribeira Sacra. Achegámonos ata a aldea de Forcas despois dunha longa e sufrida viaxe que se compensou polas magníficas vistas das paisaxes de solcacos que escoltan ao río Sil polo seu trazado.

Logo de chegar a Forcas asíña comezamos a andaina, acompañados dun sol espléndido, e preto da saída xa nos atopamos con a Ponte de Conceliñas, unha ponte con orixe medieval que foi moi transitada na súa época porque permitía a os monxes do Mosteiro de Montederramo acudir as viñas que tiñan nas ribeiras do Sil, ademais, permitía a circulación entre Castro Caldelas e Maceda con o Mosteiro de Xunqueira de Espadañedo, cunha grande actividade comercial. Ao carón da ponte tamén vimos os Muiños da Patarela, que se atopan en fase de recuperación.

Retornamos polos nosos pasos ata atopar o Canle Novo, e pouco despois xa chegamos ao Canle Vello, polo que discorre a meirande da ruta. Iste Canle Vello, que abastecía de auga á antiga Fábrica da Luz, foi construído a principios do século XX, e ten a súa historia porque durante a súa construción atopouse a famosa Espada de Forcas, una espada datada a finais da Idade de Bronce (1500 - 1200 a. C.) e dende a súa aparición pasou a formar parte dos principais estudos europeos relacionados con este tipo de artefactos. Hoxe en día se pode admirar no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, ao pouco de empezar o percorrido polo Canle Vello atopamos a entrada a Cova do Mouro, que foi onde se atopou esta espada.

Deixamos a Cova do Mouro e seguimos a nosa andaina ata o remate do Canle Vello e xa nos adentramos no bosque para achegarnos á Necrópole de San Vitor, esta necrópole de orixe medieval é un impresionante conxunto de 56 sepulturas rupestres, datado entre os séculos IX e X. Dende aquí podemos acceder a unha peneda de 4 metros de altura colgada na ladeira, onde se levantou unha capela, que foi destruída no século XIX. Ata o ano 2010 só estaban a vista tres tumbas e o lugar da antiga capela, polo que se pensaba que era un lugar de retiro de eremitas, pero foi nese ano cando se comezaron as escavacións que descubriu iste magnífico paraxe que hoxe en día podemos disfrutar.

Deixamos a necrópole e nos achegamos ata San Lourenzo de Barxacova e dende alí nos diriximos á Fábrica da Luz, tamén chamada nos seus tempos Central Vella. Ista central foi un fito tecnolóxico, social e arquitectónico na zona. A súa construción deu ocupación a un gran número de veciños de parroquias da zona, e estivo en funcionamento ata ben entrado o século XX, abastecendo a Monforte, Ourense e as poboacións dos arredores. No ano 2011 o concello de Parada de Sil recuperou iste patrimonio industrial para convertelo nun lugar de ocio e formación. Hoxe en día conta cun albergue, cantina, centro de exposicións e facilita actividades de formación ambiental e turismo activo.

Bordeamos a Fábrica da Luz e asíña atopamos as pasarelas de madeira dende as que podemos disfrutar da paisaxe do entorno onde abundan os carballos, bidueiros e castiñeiros u cunhas magníficas vistas sobre o río Mao. Ao pouco de rematar as pasarelas achegámonos á aldea de Barxacova, onde xa pillamos a estrada que nos conduce ata o autobús, onde damos por rematada a ruta.